



 EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONSELLARÍA DE CULTURA



Asociación Amadores da Música

Banda Sinfónica
Municipal
de
Ribadeo

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo
Auditorio Municipal de Ribadeo
Domingo 21 - 9.00 da noite
Maio 2006

Letras Galegas

en Concerto

Como cada ano a Banda Municipal de Ribadeo (BMR) encárgase de poñer o ton musical ás celebracións do Día das Letras Galegas na vila, nunha ocasión na cal se rende homenaxe ao poeta, novelista e dramaturgo Manuel Lugrís Freire.

Alén da festa das letras a música do noso país vive tamén un ano con datas importantes no seu caledario. O 23 de xuño do ano 2005 cumplíranse cen anos dende a chegada ao mundo de Jesús Bal y Gay, músico lucense universal que deixou unha fonda pegada nos tempos da república pola súa intensa laboura compositiva. Un ano despois do centenario do seu nacemento comezan a ver a luz un número importante de estudos da súa figura. Xunto con Bal y Gay outro dos nomes destacados no eido musical galego é o do mindoniense Pascual Veiga que finaba en Madrid aló polo 1906. Súa é a música que vai pechar o concerto desta noite. Veiga puxo notas ao poema de Eduardo Pondal, *Queixumes dos Pinos*, que se converteu no Hino Galego. O pasado dezasete de maio cumplíranse tamén cinco anos da morte do que foi o primeiro director e impulsor tanto da BMR como da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo, Hernán Naval.

Dun xeito ou de outro o seu traballo mantense sempre presente no devir diario da BMR. Boa proba delo é que esta noite a municipal ribadense, recupera para o seu repertorio un dos máis célebres arranxos do malogrado director, o bolero de Agustín Lara *Piensa en mí*, banda sonora do filme de Almodóvar *Tacones Lejanos* e tema incluído con grande éxito no primeiro CD da BMR. Xunto co bolero ao que puxo voz a galega Luz Casal a BMR suma ao seu programa outras tres obras con marcado carácter do país: a peza popular *Javier*, de Pérez Seara, a marcha *No lo olvido* de Aurelio Nieto e un pasodoble de sempre, *Ponteareas*, do mestre Reveriano Soutullo.

Xunto coa música galega nova música composta de xeito orixinal para banda. Música dun autor holandés ben coñecido polo público ribadense, Jacob de Haan. Esta noite a BMR, baixo a batuta de Lourenço Cruz, interpreta *Ross Roy* e *Pacific Dreams* como anacos más espectaculares do seu programa. A BMR comeza o seu concerto desta noite con *Arsenal*, obra doutro holandés, Jan Van der Roost.

A BMR pon deste xeito o seu gran de area para manter viva a festa das nosas letras e para reclamar que todos os días do ano sexan, non só Día das Letras Galegas, senón que sexan tamén Día da Música Galega.

S. López, trompeta da BMR

P R O G R A M A

ARSENAL.....	Jan Van der Roost
ROSS ROY.....	Jacob de Haan
PACIFIC DREAMS	Jacob de Haan
JAVIER	F. Pérez Seara
NO LO OLVIDO	Aurelio Nieto
PIENSA EN MI.....	A. Lara (Arr. Hernán Naval)
PONTEAREAS.....	R. Soutullo

Director: LOURENÇO CRUZ